

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
ASOCIACIÓN GALEGA DE PEDIATRÍA DE ATENCIÓN
PRIMARIA (AGAPap)
E
UNICEF- COMITÉ GALICIA

En Santiago de Compostela, a 29 de Junio 2006

Reunidos

Dunha parte, D. Carlos Máz Cal, Presidente da AGAPap , e doutra, D.Andrés Fariña Cadenas, Presidente do UNICEF– Comité Galicia,

Interveñen

O primeiro en nome e representación da Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, AGAPap, e coa capacidade xurídica de establecer Convenios.

E o segundo en nome e representación do UNICEF - Comité Galicia, con domicilio social na rúa Carreira do Conde, nº 2, Santiago de Compostela, con capacidade para asinar Convenios de colaboración, acordo ó documento aprobado na reunión plenaria da Xunta de Goberno UNICEF- Comité Español,

Expoñen

Que a Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria, AGAPap, ten entre os seus obxectivos:

- a. Promover o desenvolvemento da Pediatría no campo da Atención Primaria. Buscar o máximo estado de saúde do neno e do adolescente: promocionar a súa saúde en todos os aspectos, preventivos, asistenciais e rehabilitadores.
- b. Propiciar as actividades docentes, investigadoras e sociais no noso ámbito de actuación que redunden no beneficio da nosa actividade profesional.
- c. Colaborar con outras asociacions do mesmo xeito de ámbito rexional, nacional ou internacional, con outros Servizos sanitarios, así como grupos ou entidades

interesadas ou relacionadas con esta faceta da pediatría en actividades e proxectos encamiñados á mellora da Pediatría de Atención Primaria.

Que pola súa parte, UNICEF persigue, os seguintes obxectivos:

- a) Impulsar o efectivo cumplimento dos dereitos da infancia en todo o mundo, e en particular facer seguemento da aplicación dos dereitos do neno na sua relación con institucións sanitarias.
- b) Promover o dereito o nivel máis alto de saúde das nenas e os nenos, tal e como se recoñece na Convención sobre os Dereitos do Neno.
- c) Elaborar materiais para a sensibilización e ríspeto dos dereitos da infancia.
- d) Elaborar estudos e realizar investigacións sobre a cooperación ó desenvolvemento e sobre materias que teñan relación co efectivo cumplimento e extensión dos dereitos da infancia, e polo tanto, da Convención dos Dereitos do Neno.

Polo que, acordan subscribir o presente Convenio con suxeición ás seguintes

Estipulacións

Primeira: Unicef Comité Galicia e a Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria comprométense a colaborar na protección e defensa dos dereitos da infancia, tanto en España como no mundo.

Segunda: Constituirá o obxectivo principal deste Convenio:

- A. O Programa de Saúde Materno-Infantil de Unicef Comité Galicia, que contempla dous subprogramas: o relativo á protección, promoción e apoio da lactación materna, e o referido á erradicación da deficiencia de iodo.
- B. A participación de Unicef Comité Galicia nos Congresos organizados pola AGAPap
- C. O intercambio de información e publicacións que se incardinan no obxecto deste Convenio.


Terceira: Para elo, as partes acordan a formación dun Comité de Coordinación, que estará formado por unha persoa en representación da AGAPap e outra en representación de

Unicef Comité Galicia, e que terá como misión a coordinación, ejecución e seguimento deste Convenio.

Cuarta: O presente Convenio de colaboración entrará en vigor a partir da data de asinamento, tendo unha duración de dous anos e será renovado automaticamente, salvo que algunha das partes estableza por escrito o contrario.

Quinta: Calquera dúbida ou discordia que poida xurdir na execución do presente Convenio será resolta de común acordo entre as partes asinantes.

E para que conste ós efectos oportunos e en proba de conformidade asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar no lugar e data indicado no encabezamento.




D. Carlos Máz Cal

Presidente da Asociación Galega de
Pediatría de Atención Primaria
(AGAPap)

UNICEF - Comité Galicia
Carrera do Conde, 2
15706 SANTIAGO

unicef 



D. Andrés Fariña Cadenas

Presidente de
UNICEF Comité Galicia